

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO A PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron, o día 24 de xullo de 2024, coa Federación Down Galicia o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento pola Federación Down Galicia, no ano 2024, do programa *"Pilota de Bateria de Tests Dixitais para a Avaliación do Envellecemento de persoas coa síndrome de Down e Discapacidade Intelectual"*.

O dito programa figura no anexo I do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde. Asume a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na que se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen un risco para esta, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa as oito entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación foi creada a principios do ano 1998 para canalizar as demandas do colectivo de persoas coa síndrome de Down

ante a Administración e achegar solucións para contribuír a normalizar a súa situación na sociedade. Entre as súas funcións, tamén inclúe a de coordinar, colaborar e propoñer programas de actividades ante institucións públicas e privadas para a súa posta en práctica a través das súas entidades membro. Ten como misión apoiar o labor das entidades da Federación no traballo pola inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a través de apoios personalizados ao longo da súa vida e da súa participación nos recursos existentes para toda a poboación.

A Federación Down Galicia está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-1284, foi declarada de utilidade pública no ano 2006 e cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dada a especificidade técnica que requiren os programas de carácter sociosanitario que desenvolve a Federación Down Galicia no relativo á avaliación e seguimento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto e tendo en conta que a Federación Down Galicia agrupa as oito entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia (Down Compostela fundación e asociación, Down Coruña, Down Ferrol, Down Lugo, Down Ourense, Down Pontevedra e Down Vigo), de acordo co previsto nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as partes acordaron formalizar o convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

